

O CARVEIRAL

Santa Mariña do Monte

“*Aí teñen O Carveiral*”. Como o retrouso dun coro ben ensaiado saíu esta expresión de case todos os reunidos. Estabamos na Golpilleira co noso querido **D. Manuel Domínguez** (Xefe do Servizo de Extensión Agraria de Ferrol). Entre outros asuntos infórmanos que un grupo de empresarios gandeiros da Provincia buscan un monte con extensión abondo para establecer unha explotación “*válida para los nuevos tiempos*”. A resposta dos reunidos foi unánime: “*Aí teñen O Carveiral*”. Deu a impresión como que esperabamos a pregunta e tiñamos preparada a resposta. Efectivamente este era un monte ao que apenas se lle sacaba proveito e por riba queimábano case todos os anos para que servira de pasteiro ás ovellas. Pertencía a esta parroquia e á de San Estevo de Sedes. Fixamos data e alá fomos **D. Manuel**, eu, **Arturo da Lobeira**, **Manuel de Antón** e alguén máis. Camiñamos como corzos por entre toxos e silveiras ao tempo que botábamos unha ollada. Deunos boa impresión e pareceunos axeitado para o que se pretendía.

Puxémonos en contacto con **Manuel Corzo Diéguez**, que representaba ao grupo, e non tardaron en aparecer por aquí un fato de homes ben vestidos e con bos coches. Pola aparencia non andaban a pedir, aínda que pedían un monte.

Polos anos 60 comezaron a crearse as primeiras explotacións con dimensións “*adecuadas*”. O de “*adecuadas*” foi como unha febre, un andazo. O campo, tal como estaba, ía desaparecer. Europa e o mundo camiñaban noutra dirección. As pequenas explotacións tiñan os días contados. Froito destas ideas nace o Grupo **GAPER** desde a “Asociación de Ganaderos de Coruña”,

creada e promovida tamén por Manuel Corzo Diéguez. No Grupo había importantes gandeiros de vacún: **Amando Romero**, **Gelasio Esmorís** (A Barqueira), os irmáns **Rodríguez** da Granxa Arxeriz, os irmáns **Osende** de Zas, **José Nogueira** e **Paco Lavandeira** de Boimorto ... e outros. Todos tiñan explotacións gandeiras “*como corresponde a los tiempos actuales*”. Este era o retrouso que sempre se escoitaba.

O Grupo GAPER estaba a preparar unha finca en A Barqueira e outra pola zona de Boimorto. Por suposto que eu non coñecía e ningún destes “gandeiros”, a non ser a **Amando Romero**. Dinlle para adiante á idea sen saber moi ben que capital e intereses estaban por detrás; fiándome soamente nos coñecementos de D. **Manuel Domínguez**. Si tiña na cabeza que o campo galego precisaba dunha revolución. A min gustábame a realidade da [Cooperativa de Prospes](#) en San Sadurniño, feita á semellanza da de Zúñiga en Navarra, sobre da que lera algo.

Houbo varias reunións en Santa Mariña con bastantes propietarios do Carveiral. Era polos meses de setembro e [outubro de 1971](#). Púxose como prezo o que se levaba máis ou menos na zona. Pero os de GAPER preferían que os donos dos terreos non venderan, senón que se quedaran como partícipes na Sociedade. Eu tamén o prefería. De feito, para dar exemplo, metín na sociedade o valor de 3 ferrados da finca do igrexario que houbo que permutar con **Manuel Muíños**, xa que non podía desprenderse dun terreo que labraba e que estaba dentro do circundo da nova finca. Recordo que se quedaron como socios **Manuel de Antón**, **Arturo** e **José María da Lobeira**, os de **Picos** (A Revolta - Pedroso), **Eliseo Cibreiro**, **Antonio da Corripa** ...

O traballo de localizar e comprar aos propietarios de fora da Parroquia (Valdoviño, Sedes, Sequeiro, Pedroso, Serantes,

Ferrol..) recaeu sobre as miñas zapatillas e as do Perito Agrícola, **Ernesto Eiroa**, quen empezou a traballar daquela para GAPER. De verdade que houbo que dar zapatilla, gastar saliva e armarse de paciencia. En cada porta que petabamos había que presentarse: Ernesto como membro da coñecida familia dos Eiroas de Xubia, eu como párroco de San Sadurniño. De seguida viña o consabido: “*E logo que traen*”? De inmediato seguía a lería de explicar o rollo da finca. Na maioría dos sitios estrañábanse que un crego e un Eiroa foran a meterse a explotar fincas gandeiras. Por iso case todos asegundaban: “*E logo para que o queren*”? Antes de chamar á seguinte porta xa comentabamos o que nos ía pasar. E acertabamos. Tivemos que dar resposta a esta pregunta en cada casa onde petabamos. Pero con traballiños conseguíuse o que se pretendía.

Preparáronse os terreos, edificáronse as naves e comezou a produción. Houbo tempos en que as cabezas de gando pasaron de 200. Así seguiu durante bastantes anos. Pero un bo día recibimos carta os socios citándonos para unha asemblea na Coruña na que se ía decidir a venda da finca. Aparecera como compradora a Sociedade “*Aguas de Barcelona*”. Nós pouco pintabamos porque era pouco o que aportabamos. Non lembro as razóns que deron; si lembro o rebumbio (capitaneado por **Amando Romero**) que se armou na reunión no salón da Casa do Mar de A Coruña e tamén recordo que **Manuel Corzo** (Presidente de Gaper) obrigounos, baixo xuramento, a non publicar o prezo real de venda. Este era xusto o dobre do que ía aparecer nas escrituras. (Xa daquela sabíase como enganar ao fisco). Co que lle correspondeu á igrexa de Santa Mariña merquei un órgano pequeno que despois tocaba nos enterros e funerais **Miguel Sanjurjo** e **Ana Belén Calvo** noutras solemnidades. Polo que logo me contaron, a falta de uso e a friaxe acabaron paralizándo as súas neuronas electrónicas.

Para rematar, en xullo do 89 recibo un cheque de **Manuel Corzo** por valor de 3.645 pts. por “restos” que quedaban da venta e con ese motivo escribolle a seguinte carta: *“Muy Srs. míos: Les envío devuelto el cheque. Fui a cobrarlo y me pidieron más documentos e historias ... Se lo mando firmado para que puedan cobrarlo Vds.; luego, si ven algún pobre por ahí -que en Coruña también los hay- denle una limosna. Atentamente”*. Hoxe, ao ler a copia da carta, non comprendo como é que a redactei en castelán. A Sociedade “*Augas de Barcelona*” continuou varios anos rexendo a explotación; despois levárona en aluguer os da Cooperativa da Esperanza; e agora está medio arruinada, segundo me informan.

A creación da finca do Carveiral supuxo moito para a Parroquia . Foron bastantes os postos de traballo. Medrou a actividade e a sona de Sta. Mariña. Traballadores fixos eran entre seis e oito (**Antonio da Corripa, Manolo da Bayuca, Carlos e Videlio da Pena, Fernando do Caseiro, José Graña**) ademais de **Francisca Villarnovo**, que lles preparaba unha excelente comida na casa de **María de Vergara**, na Lobeira, e cos que moitas veces fun xantar en tan agradable compañía. Daquela ata soaban voces que querían que se cambiara o nome da Parroquia: o “do Monte” convertelo en “do Campo”. Pero quizabes o máis importante hai que poñelo no revulsivo que produciu en bastante xente: Descubren que veñen de fora inverter cartos aquí no que nós xa temos e podemos explotar. Hai que espertar do sono. De feito iso deu pulo para crear a “**Cooperativa Ntra. Señora de la Esperanza**” [da que falei noutro relato](#). Foi entón tamén cando se intentou meter dentro da Concentración Parcelaria os montes que van desde a Igrexa ata o lugar do Patrón. Reuníronse os propietarios e mandamos un escrito ás oficinas de A Coruña, pero non foi aceptada a petición coa escusa de que os

traballos relativos ao resto da parroquia xa ían moi avanzados e iso implicaría atrasalo todo. Pero a petición demostrou como os veciños valoraban tamén positivamente os traballos da Concentración.

Ramón Díaz Raña, Cáceres, 17 de maio de 2020